

A Comunidade do Leste Asiático⁽¹⁾ e a complexidade rexional

Masashi Oki

O Leste Asiático constitúe o mercado económico máis activo e o seu desenvolvemento non parece coñecer límites. Nos próximos anos, semella probable a conformación dun triángulo económico no Leste Asiático xunto á Unión Europea (UE) e EUA, o cal constituiría un elemento dinámico de gran importancia para as relacións internacionais do século XXI.

Trala Segunda Guerra Mundial, as relacións internacionais quedaron determinadas polo antagonismo entre EUA e a ex URSS, o que se coñecía como a Guerra Fría (1948-1991). Desde a perspectiva analítica dos sistemas nas relacións internacionais, o fin da Guerra Fría e o ascenso hexemónico da democracia liberal e do capitalismo supuxo un momento histórico que pode ser explicado baixo o prisma de tres paradigmas principais: o “**westfaliano**” (westphalian); o “**filadelfiano**” (philadelphian) e o “**anti-utópico**” (anti-utopian)⁽²⁾.

No paradigma “**westfaliano**”, a nación soberana é o actor máis importante na política internacional. Tralo final da Guerra Fría, os países do Leste Asiático incrementaron a súa presenza no escenario internacional, con maior énfase nas súas demandas e perspectivas. Pola súa banda, a globalización corresponde ao paradigma “**filadelfiano**”, o cal salienta a preponderancia da democracia liberal e a interacción global do sistema capitalista. No Leste asiático, incluso China incorporouse ao sistema de mercado mundial.

Con todo, comezaron a manifestarse resistencias ao proceso de globalización e dos valores liberais, que dalgún modo determinaron a perda de soberanía por parte dos Estados nacionais. É o que se coñece como o paradigma “**anti-utópico**”. Un exemplo da activación deste paradigma constitúe o ascenso do movemento global de defensa dos dereitos humanos das nacionalidades minoritarias en China.

Na última década do século XX, estes tres paradigmas asentábanse como referencias dentro do sistema internacional. Con todo, co novo século empezou a agromar unha nova concepción das relacións internacionais: a “**rexionalización**”. Aínda sendo certo que este fenómeno xa existía con anterioridade, o mesmo comeza a cobrar forza como actor importante da política internacional ao alba do século XXI.

(1) Neste traballo utilizo o termo “Leste Asiático” como tradución de “*Higashi Asia*”, así como a de “Asia Oriental” como tradución de “*To A*”. Aínda que as palabras xaponesas “*Higashi Asia*” e “*To A*” fan referencia á mesma área xeográfica, distingo a tradución porque “*To A*” empregábase durante a Guerra do Pacífico mentres que “*Higashi Asia*” utilízase na nosa época. Creo que “*Higashi Asia Kyodotai*” (Comunidade do Leste Asiático) utilízase agora (e non se usa “*To A Kyodotai*”) coa intención de non lembrar o plan similar promovido durante a Guerra “*Dai To A Kyoiken*” (Gran Esfera de Asia Oriental).

(2) INOBUCHI, Takashi: *Chikyu Seiji no Koso (Plan de Política Global)*, NTT Publishing, Tokio, 2002, pp9-36.